



Agora, alugar a túa vivenda é máis **seguro,**  
**cómodo** e está **cheo de vantaxes**

Programa de Vivenda en Aluguer



Miércoles 16.04.2008 | Actualizado 00.00 | Hemeroteca web | RSS

[Galicia-Hoxe.com](#) [Radio Obradoiro](#) [Correo tv](#) [tierras](#) [anova](#)

# El Correo Gallego.es



encontrar

El Correo Gallego

buscar

[Inicio](#) [Santiago](#) [Comarcas](#) [Galicia](#) [España](#) [Mundo](#) [Deportes](#) [Economía](#) [Gente y comunicación](#) [Opinión](#) [Participa](#) [Canales](#) [Servicios](#) [Suplementos](#)  
[Tema del Día](#) [Lo más](#) [Hemeroteca web](#) [Mapa Web](#) [Galería gráfica](#) [Portada en PDF](#) [Edición impresa](#) [Tarifas y Contacto](#)

[Inicio](#) > [Hemeroteca web](#)

**POLÍTICA LINGÜÍSTICA**


## Un instituto de Vilagarcía gaña un concurso sobre a figura de Álvarez Blázquez

**14.04.2008** Os paneis elaborados polos alumnos do centro percorreren 2.500 centros galegos e de todo o mundo nunha homenaxe ao poeta e editor vigués

3.0/5 [2 Voto/s] | 177 visitas | 0 comentarios



E.P. • SANTIAGO





Álvarez Blázquez nunha fotografía dos anos trinta do século XX pertencente ao arquivo familiar

A exposición elaborada por alumnos e profesores do Instituto Armando Cotarelo Valledor, situado na localidade pontevedresa de Vilagarcía de Arousa, percorrerá 2.500 centros galegos e de todo o mundo para ilustrar a figura de Xosé María Álvarez Blázquez, a quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas.

Precisamente, os escolares e mestres deste centro educativo resultaron ser os gañadores dun concurso organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para todos os centros de ensino de Galicia.

En concreto, a realización da mostra estivo encabezada polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do centro e colaboraron seis departamentos, entre eles o de Música, Educación Plástica e Xeografía e Historia, así como alumnos participantes na radio do colexio.

Así, a proposta do Instituto Armando Cotarelo Valledor relata a vida, a obra poética e o papel do poeta galego como editor a través de once carteis con ilustracións, que están acompañados dun texto explicativo. A exposición complétase cun caderno de actividades para o alumnado.

Ademais dos centros educativos de Galicia, a mostra percorrerá todos os concellos galegos, centros galegos do exterior, así como universidades foráneas que dispoñan de centros de estudos galegos. Por outro lado, o xurado decidiu modificar cinco dos once carteis explicativos para adaptalos aos alumnos dos colexios de Primaria.



## Comentarios

### Escribe tu comentario

Alias

Clave